

MESA SECTORIAL

10/03/2026

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 10 DE FEBREIRO DE 2026.

Aprobábase a acta da sesión anterior unha vez feitas as alegacións por parte das organizacións sindicais.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE CONVOCA CONCURSO DE MÉRITOS PARA A SELECCIÓN E O NOMEAMENTO DOS DIRECTORES E DIRECTORAS DOS CENTROS DOCENTES PÚBLICOS QUE IMPARTEN AS ENSINANZAS REGULADAS NA LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN.

A Administración informa dunhas correccións na denominación de diversos centros.

De seguido indícase que se presentan modificacións no Anexo IV, no apartado 2 obxectivos.

Indícase que o CEIP Plurilingüe Cartelle en Ourense queda en liña 2, e se teñen alumnado, manterá a liña 3 e saíra a cobertura da dirección cando se publique a Orde.

No turno de intervención correspondente desde ANPE GALICIA insistimos una vez máis en que este non é o modelo de elección de dirección que defende a nosa organización. **Consideramos que a elección da dirección debe emanar dos Claustros e dos Consellos Escolares** dos centros e non dunha elección deste tipo que para nada respecta a decisión dos Claustros. Para isto, débese facer máis recoñecido o desempeño da función directiva nos centros educativos galegos.

ANPE Galicia asinou un Acordo que supón unha mellora económica para os cargos directivos pero, aínda así, consideramos que non se ten a valoración suficiente para facer máis atractivos os cargos directivos. Supoñen unha carga de traballo inxente para a recompensa que ten o seu desempeño. Debería abrirse o debate sobre a consolidación do complemento a todos os membros dos equipos directivos, mais recoñecemento administrativo e liberación horaria.

Consideramos que debería adaptarse, como fai case toda a normativa educativa galega, esta Orde á normativa europea que establece como requisito ter determinada antigüidade persoal funcionario.

Artigo 2.1.b) Modificación da antigüidade de polo menos tres anos, en vez dos cinco actuais.

Artigo 2.1.d) Ampliar a casuística coas comisións de servizos incluíndo profesorado provinte doutras comunidades autónomas e profesorado que está a desempeñar o derradeiro curso en prazas no exterior.

En relación ao artigo **2.1.e)** solicitamos que a documentación acreditativa de ter realizado o curso de dirección poida obterse posteriormente ao prazo de presentación de instancias, no momento en que os aspirantes vaian a participar nas comisións de selección e teñan que achegar toda a documentación xa que hai xente que está a facer o curso e non vai a dar chegado a tempo para a convocatoria. Danse casos de formación noutras entidades, por exemplo, na UNED, engadindo ademais que esta casuística aparece amparada pola LOMLOE.

Por outra banda, os vicedirectores tamén deberían estar exentos desta formación. A admon resposta que os seus cursos fanse en tempo e forma.

MESA SECTORIAL**10/03/2026**

Artigo 3.1.b) Solicítase poder deixar pendente do título á xente coa matrícula xa feita, adxuntando unha declaración xurada ou o resgardo de terse matriculado no citado curso.

3.2 Permitir ampliar a participación a tres centros e non a dous, facilitando así a cobertura de prazas.

3.3 Fixar un horario amplo e flexible para a consulta dos proxectos de dirección, consensuado co centro educativo e o Consello Escolar do centro.

3.6 Modificar o artigo especificando que serán todos o méritos agás o curso habilitante, cun prazo modificado segundo o artigo 3.1.b) (ata a apertura de proceso).

No artigo **4.1** demandamos que se amplíe o prazo a vinte días hábiles.

Artigo 5. solicitamos que a sede e localidade sexa o propio centro educativo e non quedar a elección da presidencia da comisión. Tamén demandamos que a presidencia da comisión non sexa designada pola Administración senón pola propia comisión.

Desde ANPE presentamos unha queixa de que non se respetan na Orde os ditames do Consello Escolar de Galicia en relación as proporcións de participación de cada colectivo na composición da Comisión de Selección.

No artigo **7.2** pedimos a ampliación do prazo a dez días hábiles e non os cinco actuais.

No artigo **7.4** demandamos a eliminación da entrevista.

No artigo **8.2** consideramos que non debería establecerse unha nota de corte. A valoración do proxecto de dirección debe ser de “apto” ou “non apto”.

No artigo **8.3** consideramos que se debe favorecer a elección de candidatos/as do propio centro. Evitándose o envío de alguén por encima de catálogo, xa que cando é dunha especialidade cuberta no propio centro limita a cobertura doutro profesorado necesario.

Demandamos que se incorpore un apartado 8.6 que estableza a publicación das puntuacións e do proceso de selección.

No artigo **11** consideramos que o nomeamento das direccións, no caso de non seleccionar ningún candidato/a, debería ser por un ano en lugar de dous para permitir a presentación futura de posibles candidaturas.

En relación ao **Anexo I** demandamos que a Orde inclúa a elección de dirección dos CIFP por non estar dacordo no proceso de nomeamento das direccións neste tipos de centros xa que permite nomear directores que non teñen porque ser docentes.

A admon resposta que isto non é obxecto deste decreto.

En relación ao **Anexo II (baremo)** consideramos que os apartados 2.1 e 2.4 deberían ter a mesma puntuación. O mesmo ocorre cos apartados 2.2 e 2.5. Debe eliminarse o apartado 2.3. No apartado 6 a valoración debería ser de “apto” ou “non apto”.

MESA SECTORIAL

10/03/2026

Por último, **demandamos recoñecemento administrativo e económico para quen substitúa a un membro dun equipo directivo**. Hoxe en día xa reflectido en diversas sentenzas xudiciais: Castela e León TSCL en novembro de 2015, Madrid contencioso administrativo TSJM no ano 2023 e Extremadura 2023 (**baseados nos principios de igualdade, non discriminación e servizo efectivo**).

A Admon resposta a todo o anterior articulado que o Real Decreto 222/2022 do 7 de decembro non permite modificación algunha, pechando unilateralmente o diálogo.



3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROLDA FINAL DE INTERVENCIÓNS.

ANPE demanda, como fixo xa varias veces por escrito, que se recoñeza administrativa e economicamente o cargo de coordinador/a de programas internacionais nos IES como se fai nos CIFP. Fan o mesmo traballo e non é recoñecido, o que supón un agravio comparativo que xurde de que nos IES este cargo non ten unha denominación homoxénea e acorde á normativa que sí permite a súa valoración nos CIFP. **Nesta mesma liña deben valorarse absolutamente todas as coordinacións, non so administrativamente senón tamén a efectos económicos.**

- Denunciar de novo o **atraso na percepción de trienios e sexenios e tamén a membros de tribunais**. Demandamos que se paguen os intereses de demora. *O Director Xeral resposta que xa están pagando aos tribunais que estaban pendentes.*
- Solicitamos nesta mesma mesa de negociación fai un ano que se traiga á negociación os distintos ROCs.
- Solicitamos que se axilice a **negociación do Plan de Igualdade**. *A Administración convocará a reunión para o martes 24 de marzo.*
- Solicitamos a reunión do Comité Intercentros de Saúde Laboral e dos comités de saúde das distintas provincias. *A Administración resposta que convocarán aos sindicatos o antes posible.*
- Seguimos a espera da elaboración de **barems unificados** para as distintas convocatorias da Administración Educativa.
- Solicitamos **entrega das prazas estruturais de todas as provincias** para facer as aportacións pertinentes antes da resolución da publicación das vacantes definitivas do CXT. *A admon resposta que as enviará axiña, se é posible esta tarde.*
- Demandamos por enésima vez a actualización da Orde de licenzas e permisos.



MESA SECTORIAL

10/03/2026

- Esiximos acceso sindical aos datos no proceso de oposición e resto de pprocesos para o seu control.
O Director Xeral indica que tivo esa reunión prometida coa responsable de Protección de Datos e achegará unha solución.
- ANPE solicita a apertura da negociación para actualizar os catálogos de postos de traballo.
- Solícitase unha negociación para actualizar o ROC.
- ANPE indica que debe revisarse a enquisa enviada ao profesorado de PT e AL sobre fondos europeos, xa que se amosa desactualizada e fora de contexto. *A administración comprométese a revisala.*
- Solícitase con urxencia a renovación de diversos protocolos, especialmente os relativos a **saúde mental, agresión sexual e prevención do suicidio**, este último actualmente desactualizado respecto da realidade existente.
- Infórmase que no proceso de CXT, danse casos de formación dixital docente noutras comunidades que non resulta validada en Galicia pola comisión, mesmo coordinadores de Tics. Todo isto infrinxe a Resolución do 5 julio do 2024. *A administración resposta que o revisará.*
- Despois de reiteradas queixas, solicítase a Administración **unha verificación do profesorado que imparte docencia no MASTER nos conservatorios superiores**, xa que se denuncia que se están a impartir módulos sen a capacitación requirida, aspecto de vital importancia que podería influir nunha denuncia na NON titulación do alumnado. **Solicítase que esta cuestión conste expresamente na acta da sesión**